



**Vida e Obra de:  
Francisco Landín Pazos**

**PRESENTACIÓN**

**VIDA E OBRA DE: FRANCISCO LANDÍN PAZOS**

**BIOGRAFÍA –FRANCISCO LANDÍN /FELIPE REA**

**CONTACTO**



---

## *Presentación.*

---

Despois de anos de estudio sobre a vida e obra do músico marinense Francisco Landín Pazos quero facer chegar a todo o mundo a apaixonante música deste compositor que nace no 1910 e tras unha apaixonante vida musical de éxitos crea a primeira banda de Gaitas de rapaces coa intención de revalorizar a gaita como instrumento concertista componendo obras innovadoras que chegan a formar parte do folclore galego coma populares.

Dende cativo tiven a sorte de aprender gaita e un deses privilexios foi que o meu mestre xa nos seus últimos anos de vida foi : Francisco Landín Pazos o cal me empapou a súa sabiduría musical.

O meu nome é: Felipe Rea, músico profesional e gaiteiro, además de etnógrafo, estiven investigando viaxando e recopilando cancións por Galicia adiante e remexendo nos arquivos musicais na procura de profundizar na vida e obra de: Francisco Landin.

Neste proxecto pretendo dar a coñecer mais amplamente a vida e obra do compositor marinense e a súa influencia musical no repertorio musical galego, en especial composicións para gaita, coro ,banda de música e rondallas.

Tiven a sorte de recopilar e adquirir o seu arquivo musical completo sendo tan popular como descoñecido a vez.

con este traballo quero dar a coñecer a obra de Landín ,música con aire a mar e o mesmo tempo tentar recordarlle as novas xeracións a súa importancia na nosa música e que a enciclopedia galega deixou a súa impronta nunha das suas edicións en 1974.

**Esta ponencia vai dirixida a todo tipo de público e idade, facendo moito incapé nos mais cativos que son o futuro e nos que perdurará no tempo, amoldándose esta ponencia as circunstancias de cada momento: colexios, escolas de música, conservatorios, universidades, salas de conferencias.... etc.**

---

*Vida e Obra de:*

*Francisco Landín Pazos*

---

Nunha charla/conferencia didáctica faremos unha pasaxe pola súa vida e obra desgranando as súas peculiares maneiras de ensino a súa escritura na gaita e o protagonismo desta na súa música e pola potenciación da mesma, coma un instrumento noble no que a xente se sentara a escoitala e disfrutala con atención e non ver así a figura do gaiteiro coma un mero animador de festas.

Faremos incapé nas súas composicións novedosas e o mesmo tempo sinxelas e que chegaban o público cunhas estruturas lineais e efectivas, sobretudo as adicadas a vilas e persoas as cales era quen de plasmar musicalmente.

Tamén faremos un paso pola cantidade de premios que colleitou o longo da súa vida e o fixeron ser un compositor de renome mundial.

Esta charla/conferencia estará aderezada por imaxes e sons do mesmo compositor, que farán mais amena e descriptiva a viaxe pola vida deste peculiar músico.



---

## **BIOGRAFÍA**

### ***/FRANCISCO LANDÍN PAZOS***

---

**Francisco Landín Pazos :**  
**(Marín 1910-1989)**

## **ILUSTRE DIRECTOR-COMPOSITOR INTERNACIONAL DE MÚSICA, CORAL E DANZA,**

Así é como aparece definido na Gran Enciclopedia Galega este finado veciño de Marín.

Sen dúbida, esta definición póstuma, agocha toda unha vida adicada ó arte da música, vida que comeza prodixiosamente coas inquedanzas musicais arredor dos 12 anos, polos anos 20 facendo os seus primeiros arranxos como compositor na rondalla “Patrulla el Pingüino” con temas como: Paloma que vuela sin cesar, El villancico en una escura noche, El pasacalle el pajarita, e outras melodías que se chegaron a tocar pero que non se recorda o nome. Landín formaba parte dela tocando a bandurría, un tempo despois iniciouse có violín e con tan só 17 anos de idade, cando a Banda de Música Municipal de Marín levaba creada un ano, en xaneiro do ano 28, Landín pasa a formar parte dela tocando o trombón. Quen lle diría a este rapaz, que 20 anos despois, regresaría a esta banda como director.

Comeza aquí a súa carreira como director musical, primeira e gran faceta deste artista que ocupa os primeiros 7 anos da súa mocidade, ó longo dos cales dirixiu as comparsas "Los Nocturnos del Amor" e "Los Gondoleros" e o Orfeón da Federación Obreira, ata 1936.

Tamén como director musical, leva a súa pegada a andadura marítima do Cruceiro Auxiliar “Mar Cantábrico” no ano 37, cando con motivo do momento histórico bélico, por excelencia en España, embarca para facerse cargo da Banda de Música en plena Guerra Civil.

Xa en terra, un ano despois, comeza os estudos de Harmonía, en Bilbao, estudos que remata finalizada a Guerra, e que complementa cós coñecementos de

Contrapunto, Fuga, Formas Musicais e os de Orquestración; titulación que lle axuda a superar a oposición no ano 48 ó Corpo Nacional Técnico de Directores de Música Cívica, sendo destinado a dirixir a Banda de Música do pobo natal.

Para o comezo e desenrolo dunha nova etapa, partimos da segunda metade do século, 1950, ano no que inicia a andadura de compositor. O noso ilustre músico con 40 anos funda o Coro "Airiños Mareiros". Desta etapa, ten unha mención especial a súa peza "Foliada de Marín" que 40 anos máis tarde sería proposta polos seus ex-alumnos como himno de Marín, chegándoa a presentar ó concurso musical que o Concello de Marín convocara para tal fin, proclamándose deserto. E tan só dous anos máis tarde, no ano 1952 concédesele o primeiro premio á súa balada "Este agudelo meigo", nos "Xogos Florais" celebrados en Betanzos; primeiro recoñecemento dun longo traballo que ocupou os seguintes oito anos de composición musical que resumimos cós seguintes recoñecementos:

- O Centro Galego de Bos Aires, concédelle o único premio establecido para música á súa composición "De Pandeirada".
- A Sociedade de Artesáns de Santiago de Compostela, no seu concurso para instrumentos de Arco prémiao có máximo galardón musical á peza que leva por título "Anacos".
- E o concello de Grove concédelle o Centolo de Ouro, pola súa composición "Alborada do Grove".

---

## A OBRA DE LANDÍN:

---

As composicións musicais do mestre Landín, eran formas melódicas liñais , sen grandes harmonías, pero melodías moi fermosas as cales chegaban á xente facéndolles sentir algo, como din algúns : algo pero non sabían dicir ¿o que ?. Nas súas pezas para gaita o mestre Landín fai rir e fai chorar, ata coma en casos como a peza “agarimosa”, fai á gaita expresar a musica coma se dun instrumento de cámara se tratase.

As súas melodías estaban basicamente compostas e pensadas para rapaces moi cativos , nun principio de entre oito e dez anos, polo que son con xiros moi sinxelos , sen grandes saltos nin virtuosidades, a dúas voces con terceiras. Mais tarde Landín compoñía melodías cós mesmos xiros pero mais elaboradas as voces facendo en moitos dos casos melodías totalmente diferentes que mesturadas entre si, fan un efecto fermosísimo como se dunha banda de musica se tratara. As súas pezas en case que todas , teñen un selo especial , un aire a banda de música e a banda militar, con introdución melódicas ou comezos para iniciar melodías , coma se dun preludio se tratase. Tamén ó igual que un principio teñen un final ou coda , a cal se utiliza só para o remate da peza, cousa non moi habitual nesa época para a música de gaita , xa que o que había basicamente era so musica tradicional ou popular, o cal se ía pasando de xeración en xeración.

O pobo de Marín como vila natal de Landín , tamén tivo moito que ver coa súa musica xa que nas súas composicións notase ese aire mariñeiro ese sentir do mar que non se aprende nos conservatorios nin nas escolas , se non que é algo co que un nace e se cría e ó longo da súa vida lle da forma a través da súa obra.

Conseguía tamén definir a algunhas persoas coas súas pezas, dándolle a súa forma e poñéndolle o seu nome. Deste xeito escoitabas a peza e relacionábala coa persoa á cal ía adicada ou cuxo nome leva por título, algúns tipos eran: a vella, teresiña , lojo, carolina, natividad, rogelio, toñi etc., o mesmo facía coas distintas zonas de Marín.



A pegada que deixou o noso mestre tamén tivo os seus homenaxes, o primeiro no ano 1973, o máis significativo para el, organizado polos seus alumnos en agradecemento á súa labor, outros homenaxes sucederían a título póstumo.

O 7 de xullo de 1980, á idade de 70 anos, pasa á situación de xubilado, e 9 anos despois, o 26 de setembro do ano 1989 fallece D<sup>o</sup> Francisco Landín Pazos.

A día de hoxe acordámonos deste ilustre director-compositor que da nome ó Instituto de Educación Secundaria de Marín, así como á Escola Municipal de Música da mesma vila, e ó nome dunha rúa.





---

*Felipe Rea Otero*

*Músico, Gaiteiro e compositor.*

---

Nace en Etribela no ano 1974 , sempre amosou un grande interese pola música e dun xeito moi especial pola galega.

Na actualidade combina a súa faceta de músico/compositor coa de mestre de música e gaita galega.

Dende moi novo empeza o estudo de gaita e música da man de Rogelio Rodríguez ( gaita)e Lorenzo Gago (música), pasando máis tarde a ampliar o seu estudo de gaita con Francisco Landín Pazos e pasando a formar parte da agrupación folclórica Trompos ós Pés, realizándose máis tarde como gaiteiro solista co grupo Gandaina .e cursa a modalidade de gaita no conservatorio profesional de vilagarcía, co mestre : Ivan Abal.

Na súa carreira coma músico tradicional son moitas as colaboracións con outros grupos e asociacións de todo tipo de música como Centenario,Picuiña, Ansar, Abelaiña,, etc.

---

## *PREMIOS*

---

Na súa vida ten acadado mais dunha vintena de premios tanto de interprete como de compositor, nos que compre destacar : 1997- finalista do VII certame de música folk de Galicia (interprete). • 1996 - 2º premio de gaiteros solistas “O PEDRÓN “ Padrón. 2014 1ªclasificado no concurso musical concertos de verán do centro comercial Arousa (interprete),2021 e 2022-“Mencion de Honra” no concurso internacional de composición musical para piano “ Rodrigo Landa Romero”.

Cómpre destacar a súa faceta de compositor, sendo grupos de gaitas e bandas galardoados con diferentes premios interpretando a súas pezas, tales como: Rumba de Estribela, Alborada para César Sampedro, A Cabuxa, A Marreta, Na fonte do Arrabalde, ou mesmo a composición musical para trompeta e gaita “NAUFRAXIO “ emitida nun documental de TV.

No ano 2011 foi gravada a peza “POLKA RUMBA PARA PICUIÑA” , para un anuncio publicitario do comercio de Marín encargada polo concello, e no 2015 ponlle música o curtametraxe de animación “MUSICIDO” conseguindo ata 15 premios en todo o mundo .

Agora mesmo esta e a faceta mais importante na que esta involucrado polo que e demandada a súa música de tódalas partes da xeografía española.

---

## *DIDÁCTICA*

---

Ó longo da súa vida musical imparte cursos de gaita en moitas asociacións galegas e tamén por toda a xeografía española, polas distintas casas de Galicia, nas que vai en representación da Xunta de Galicia.

Felipe Rea adica moitas horas de lecer a investigar, falar cos maiores de aldea en aldea, buscando na súa memoria melodías, lendas, contos, xogos ou case que todo o referente coa nosa tradición ou costumes, que forman parte dun legado que non debemos esquecer.

Imparte cursos e concertos didácticos nas escolas para enxalzar a música tradicional e poñer en valor o legado dos nosos maiores, e dá conferencias sobre a vida e obra do músico Marinense : Francisco Landín Pazos , do cal posúe o seu arquivo musical, e ten feito un estudo sobre a súa obra a cal tivo a sorte de expoñer na VI mostra de cuartetos Tradicionais de Marín no 2010 organizado pola AGG en colaboración con “ Picuiña” como evento a destacar e do cal se publicou unha revista.

---

## *GRABACIÓNS*

---

Teño editado 1 cuaderno para gaita e 3 traballos discográficos:

---

## *CUADERNO*

---

Felipe Rea Otero\_”**Conversas cunha Gaita**”.2013

---

## *DISCOS*

---

Quodlibet\_”**Quodlibet**”.2012  
Quodlibet\_”**A cor do son.**”.2013  
Mudland\_”**Meraki**”.2021

Xunto a isto na actualidade é Director e mestre na academia de Música “Quodlibet” de Pontevedra.

**Contacto:**

**689239870**

***feliperea.oficial@gmail.com***



Felipe Rea

